

Pregón de Leticia Costas na Feira do Libro de Vigo

3 de xullo de 2015

Eu crieime nun barrio que pertence á parroquia de Lavadores e que ten o fermoso nome de Brea Muiñeira. A Brea Muiñeira bordea un dos laterais do colexio Escolas Nieto, un edificio que o filántropo Remigio Ramón Nieto Otero mandou construír nunha finca da súa propiedade, alá polo 1.914. A súa iniciativa ía máis alá de financiar un colexio. Trabátase dunha escola para nenos e nenas sen recursos. Para que todos os cativos tivesen opción a unha educación de calidade, independentemente do seu *status* económico. Este novo edificio era en realidade a continuación dun proxecto que se iniciara 14 anos atrás. Ramón Nieto encargara no ano 1.900 (época na que o índice de analfabetismo roldaba o 80%), a creación dunha escola gratuíta nunha pequena casa de Barreiro, baixo a dirección de Severino Cobas. Andando os anos, esa primeira escola quedou pequena. A súa capacidade era insuficiente para cubrir as necesidades de educación da poboación infantil da zona. O novo edificio levantado en 1.914 foi concibido como un centro cultural e benéfico, establecendo normas moi avanzadas para a época: prohibición de castigos físicos e psicolóxicos, ensinanza de idiomas estranxeiros, bolsas para estudar fóra da cidade, etc.

Hai pouco, descubrín que en Escolas Nieto custodiáronse durante décadas documentos redactados durante as Misións Pedagóxicas, o proxecto educativo que tan importante e renovador foi durante a Segunda República. De todos é ben sabido como ao remate da Guerra Civil, o goberno franquista, a través da súa *Comisión Depuradora* requiría información sobre a ideoloxía, actividade política e crenzas relixiosas de todos os mestres. Con esa información elaboraban propostas de resolución que podían ir desde sancións, a traslados, inhabilitacións ou separación definitiva do cargo. Non é difícil imaxinar as consecuencias de custodiar documentación sobre as Misións Pedagóxicas.

Cando o empresario Ramón Nieto falece en 1.928, a fortuna que tiña repartida por bancos de Inglaterra, Alemaña, España e Chile, pasa integramente á súa escola, feito que me fixo reflexionar profundamente sobre o concepto de filantropía. Ignoro cando empezaron a fuxir os filántropos. Imaxínoos no medio dunha espantada, como bandadas de aves migratorias espantadas polo fume que alerta dun incendio. Pregúntome onde están hoxe en día. En que momento se extinguiu esa especie, se é que así foi, en que capítulo foi aniquilada polo capitalismo feroz ou condenada ao ostracismo. Estarán de acordo en que xa non existen esas persoas que contribuían desinteresadamente de xeito decisivo ao avance das cidades, aqueles que consideraban que a educación era un sector estratéxico, que abrindo escolas pecharían cárceres, que a cultura era e sería no futuro o pilar central sobre o que construír unha sociedade máis digna, máis decente,

menos contaminada. Non hai ningún García Barbón, ningún Ramón Nieto, ningún Xosé Elduayen, Tomás Alonso ou Policarpo Sanz (mágoa dalgún nome feminino que acompañe a estes, mais xa se sabe quen manexaba daquela as grandes fortunas). Moitas veces cismo arredor de como se podería reinventar o termo filantropía, en como podería ser adaptado aos tempos actuais. Pero de súpeto pásame coma sucedeu esta mesma semana, que vexo o que está sucedendo en Grecia e o comportamento da Troika, do FMI, BCE e todas esas siglas frías como a porta dun enorme conxelador cheo de reses colgadas polo pescozo, e penso en que é imposible. Mais eu non vou falar de política.

Regresando á Brea Muiñeira, en numerosas ocasións cheguei a pensar que son escritora polo lugar do que proveño. A Brea Muiñeira é un lugar onde conviven o real e o imaxinario, onde habitan persoas que darían fantásticos personaxes para unha novela. Como ese home que adoitaba atar anacos de tanza dos rabos das mazás para colgalas da súa camelia e que lucisen ben fermosas. Non era esa a única excentricidade. Unha tarde que pasei por diante da súa casa, descubrín que no cordel que usaba de trandeira, colgara unha chea de cunchas de centola. E alí estaba el, cun gorro de ruso chantado na cabeza, tocándolle á guitarra (española) aos cadáveres das centolas. Coas centolas había unha certa fixación. Nunha das casas do barrio pintaran unha cuncha de centola de branco e metéranlle unha lámpada dentro e colgáranas da parede. Cando prendían a luz pola noite, a centola iluminábase. Semellaba un bicho do Espacio Exterior.

Naqueles tempos, cando os televisores de plasma eran só imaxinables en novelas de Isaac Asimov e os teléfonos tiñan cables e rodas de marcado, o meu avó dedicábase a subir aos tellados para reparar antenas e a arranxar aparellos de radio e teles. Arredor da súa casa había tripas destes bichos por todas partes: pantallas, tubos catódicos, bobinas, circuítos... era como un almacén electrónico con alma. Sempre me pareceu que aquelas pezas tiñan algo de sagrado. Que dalgún xeito lle daban sentido ao seu mundo raro e tamén ao noso. Algunhas tardes, mentres el amañaba os aparellos, eu lía os libros de electrónica que andaban polo seu taller. Recoñezo que non entendía nin unha soa palabra, mais cando un dos meus ídolos infantís, *A Bruxa Avaría*, apareceu dentro da pantalla dun dos moitos televisores que tiñamos na casa, todo colleu certo sentido. Caín na conta de que a súa linguaxe me era moi familiar. Falaba na mesma xerga ca o meu avó. *Émbolos, rotores e turbinas, son o misterio da economía. Manexo cifras e datos e engano aos humanoides "giliwatios". Herzios watios e turbinas, produzo crises e ruínas! Subirei o prezo do pan. Viva a economía, viva a guerra fría! Filas e filamentos, xa gañei un dez por cento! Os meus émbolos chimpan ben contentos! Viva o mal, viva o capital! Revolucionario, verdade? Revolucionario que unha nena de seis anos, como tantos outros nenos daquela época, tivese como referente un*

programa no que se falaba neses termos. Programa que, por certo, se emitía nunha canle pública. Hoxe, a bruxa avaría acabaría cunha mordaza, esposada, arrestada, condenada e desafiuzada do seu propio programa de televisión. Si, xa sei que dixen que non ía falar de política.

A honestidade, así como a educación, a xenerosidade (como a dos vigueses que que o 11 de agosto de 1911, reunidos na Illa de Toralla, propiedade de Martín Echegaray, aportaron o capital inicial para crear a Compañía Tranvías eléctricos de Vigo, para dotar á cidade dun medio de transporte axeitado aos tempos) e moitos outros valores que para os nosos antergos eran o que lle daban sentido a todo, o que facía que o mundo xirase cunha inercia diferente a actual, perderon consistencia co paso dos anos. O tempo resultou serlles moi cruel. Unha navalla co gume infectado.

Ademais de todas estas e moitas outras cousas que acabo de contar, na Brea Muiñeira sucedeme algo marabilloso: aprendín a ler. Lembro un poema que viña nun libro de texto, non tería eu máis de cinco ou seis anos, que falaba dunha escaleira que chegaba ata a lúa. Eu pensaba que tal fazaña era posible, así que algunhas noites saía á terraza da modesta bufarda na que viviamos e fitaba a lúa, pensando que algún día podería chegar ata ela. Cando fose grande e tivese cartos para mercar unha escaleira o bastante alta.

Tiña 7 anos cando a precariedade laboral dos anos 80 nos obrigou a mudar de casa e a deixar a Brea Muiñeira. E, de súpeto, atopeime vivindo no outro extremo da cidade. Beade foi para min moitas cousas. O lugar no que presenciei a primeira matanza dun porco, onde fun á vendima, onde gabeaba polos eucaliptos e polas cerdeiras e acababa coas pernas cheas de rabuñaduras, onde me fixen un pouco salvaxe, onde as señoras levaban capachos de verdura na cabeza e falaban con gheada. Onde tivemos un gran danés ao que chamamos Lord Byron que máis semellaba un cabalo ca un can. Dunha trabada arrincoulle unha orella ao porco dun veciño e tiveron que matar ao animal antes de tempo, cando aínda non estaba cumprido. Pero sobre todo, Beade foi o lugar no que aprendín a devorar libros e onde me acheguei ao galego de xeito definitivo. Como por aquel entón a miña nai non tiña carné de conducir, cando chegaba a Feira do Libro, montabamos no 8, aquel vitrasa vello con asentos de madeira que sempre pasaba a deshora e que tardaba un mundo en chegar a destino. Eu pechaba os ollos e case podía cheirar o recendo das pataquiñas fritas que vendían no posto da alameda. Era un ritual. Iamos á Feira do Libro e comíamos patacas e ás veces media ducia de churros.

Agora vivo no barrio de Navia. Un lugar no que a xente me coñece como “a que fala galego”. Ignoro o número de persoas galego-falantes que hai en Navia. O que si sei é que somos unha rareza. En Navia ata as paredes falan castelán. Hai uns versos que acompañan un mural que un artista pintou nun parque que todas as tardes está ateigado de picariños, e

que se me cravan no estómago cada vez que saio a despexar a cabeza, logo de facer longas xornadas de escrita diante do ordenador. Pola contra, levei unha grande alegría cando descubrí o mural que homenaxea a recentemente finada M^a do Carme Kruckemberg, ubicado nas escaleiras que acceden a Rosalía de Castro. A súa cara, reproducida de xeito maxistral polo artista Marcos M. Puhinger a partir dunha fotografía de Isaura Docampo e acompañada polos versos da poeta, é un galano.

Vigo é un caldo de cultivo para a cultura galega. Escritoras e escritores transitan as súas rúas discretamente, como animais á espreita. Reúnense nos bares, xúntanse uns nas casas dos outros ata horas intempestivas, maquinan plans, perpetrán novelas, poemas, relatos, crimes e paixóns, letras, sempre as letras, que como as patas dun milpés, van sostendo o corpo da nosa literatura. Hainos que teñen o seu centro de operacións no mesmísimo centro de Vigo. Agustín Fernández Paz e Francisco Castro son veciños do Areal. Marcos Calveiro vive no barrio de Teis, Xabier Xil Xardón e Sabela González en Rosalía de Castro. María Xosé Queizán, na Rúa Regueiro, Clara do Roxo, na Hispanidade, Daniel Landesa no barrio de Navia, Elvira Ribeiro, veciña do Calvario, a poeta ceense María Lado, en Coruxo, An Alfaya no meu queridísimo Beade. Moitas outras percorren estas mesmas rúas a diario. Iolanda Zúñiga, Xina Vega, María Reimóndez, Antonio García Teijeiro, Laura Caveiro, Neves Soutelo, Manuel Veiga, Víctor Vaqueiro, Fran Alonso, Jacobo Fernández Serrano, Inma López Silva, Anxo Fariña, Cid Cabido, Fran P. Lorenzo, Pedro Feijoo, Manuel Forcadela e tantos outros que te habitan, Vigo. Que coñecen as túas entrañas, as túas reviravoltas, os teus recantos escuros e aqueloutros que destilan luz.

Sería unha magnífica iniciativa que a da nosa querida Kruckemberg, fose a primeira de moitas paredes ilustres. Porque facer visible aos nosos autores ten moito de filantropía. De investir en cultura, de poñer en valor uns versos que sesean co latexo da cidade, dunha frase dunha novela que se retorcese nalgún barrio, nalgún edificio, nalgún piso dunha escritora, no disco duro do seu ordenador. Eu quero ver murais de M^a Xosé Queizán e de Agustín Fernández Paz. Quero que as túas paredes, Vigo, sexan testemuño do teu prisma máis brillante.

Amazon, hai unhas poucas semanas situou a Vigo como a sexta cidade lectora de España, cousa que me sorprendeu. Non sei canto de intereseiro nin canto de certo hai en semellante afirmación. O que si sei é que os nenos e nenas de Vigo, pese a precariedade da rede de bibliotecas, len. Pola contra, eu escoitei a xente cargar contra os libros de prescrición educativa, contra o funcionamento do sistema literario galego, escoitei argumentacións dirixidas contra as feiras do libro, contra os nenos, que non len, contra os e as adolescentes, que non len, contra o profesor, que le mal e recomenda mal, contra os escritores e escritoras, que escribimos historias

que non interesan, contra as autoras e autores de LIX que escriben baixo supostas receitas, contra as editoras, que editan mal, que están ao servizo do mercado, que realmente non están dentro do mercado de xeito normalizado, que editan obras que ninguén merca, contra os que non mercan libros, contra os que mercan libros malos, contra os que mercan obras demasiado elevadas e logo van por aí *dándoselas de intelectuales*, contra os poetas de bar, contra o reintegracionismo, contra o galego de toda a vida, contra o galego normativo, contra o galego, en xeral e en particular, contra as ciencias en galego, contra as matemáticas en galego, sempre contra o galego, contra contra nós mesmos... pero aquí seguimos e basta xa. Basta xa de lapidarnos e, o que é peor aínda, autolapidarnos.

Eu vin cousas que vós non creíades. Vin bares de Vigo ateigados de xente, criaturas nocturnas amarradas a un botellín de cervexa, agardando a que empezase un recital. O Golem, o Hipólito, Detrás do Marco, o Ensanche, o De catro a catro e moitos outros, foron testemuñas. Vin Feiras do Libro cunha ringleira infinita de casetas, por fóra todas iguais, pero por dentro cada unha cun universo particular que te convidaba a exploralas coa curiosidade dun coleccionista de obras de arte que leva monóculo e bigotes de puntas reviradas. Vin nenas e nenos pasmados, escoitando como nace unha historia. A razón do seu xérmolo.

Eu vin cousas que vós non creíades. Vin ao Leo de Matamá cantando pola Rúa do Príncipe o mítico “eu nunca serei yo”. Vin presentacións de libros a rebentar de público. Vin exitosos roteiros literarios por escenarios vigueses de novelas, con persoas anotadas en lista de espera. Vin bandeiras multicolor ondeando nos concellos (si, xa sei que isto non vén a conto pero apetecíame dicilo). Vin portadas de libros onde saen edificios de García Represas e mapas da cidade nas lapelas. Vin outros que describían as túas rúas, Vigo, coa minuciosidade necesaria: *Ten o seu punto a fresca rosa*, *A praia dos afogados*, o exitoso *Os fillos do mar*. Incluso vin algún (perdoen o ataque de vaidade), onde aparecen persoas que forman parte da túa cara máis amarga, Vigo. Como o pobre de pedir que estivo durante anos vivindo nun portal da Rúa Urzáiz, a carón dunha coñecida xoguetería, aferrado a un transistor. Ou como aquel outro que adoita pedir no semáforo da Rúa Bos Aires, á saída da AP-9, ambos os dous personaxes do meu libro *Recinto Gris*. Tamén vin cadeiras baleiras e nenos mercando libros de Bob *Esponja*, non pensen que estou aquí baixo os efectos dalgún psicotrópico. Vin desertos culturais, vin ignorancia, señores quedando durmidos no público, ou peor aínda, no escenario dalgún acto de relevancia capital, vin pasotismo, estupidez, desinterese, prepotencia, institucións ancoradas no pleistoceno, machismo, galegofobia. Máis isto, enténdanme, non me interesa o máis mínimo. Interésame a vontade, os motores que fan avanzar unha estrutura, os televisores de plasma, pero tamén os de tubos catódicos que, pese ás dificultades, funcionan porque hai

alguén coa habilidade de investir o seu tempo e o seu esforzo para que así sexa. Interésanme os nenos e nenas que se emocionan e as persoas adultas que se emocionan, e o profesorado que alenta á lectura, os libeiros que engalanan os seus escaparates co libro galego e que se esforzan para a engranaxe non se deteña e as nais e os pais que lles len contos aos seus picariños antes de durmir.

Os libros non poden ser invisibles. Non poden estar no recanto máis afastado dunha librería ou, o que é un homicidio, na sección de linguas estranxeiras. Señores directores das grandes superficies de prestixio: se queren vender libros en galego, van ter que facer algunha que outra remodelación de conceptos. Decía que os libros non poden ser invisibles. As nosas autoras e autores, tampouco. Vigo, ti necesítasnos como sempre nos necesitaches. Necesítasnos con ganas de construír, de seguir sendo filántropos e prohombres e promulleres (termo que xa que non existe me toca inventar) da cultura galega. E porque precisas de nós, Vigo, tes a obriga de fornecernos de plumas, para reempazar as que nos van caendo por cansazo ou as que directamente nos son arrincadas de raíz. Porque queremos seguir sobrevoándote coas nosas letras.

Vigo, eu lévote tatuada no corazón. Porque ti es unha criatura poliédrica, o centro de moitas cousas importantes. E así leva sendo desde hai máis dun cento de anos. No 1878, Jules Verne chegaba ao peirao construído coa madeira dos galeóns afundidos en Rande e atopaba nesta baía o magnetismo necesario para convertela nun dos escenarios das súas *20.000 leguas baixo dos mares*. Polas túas caellas paseou Mata Hari, espías alemáns, a burguesía máis selecta, os empresarios cataláns, os británicos que traballaban no Cable Inglés. Sempre fuches un facho aceso. Eu quérote culturalmente viva, quérote aleteando no xogo incesante das túas escamas, cidade de mar, quérote centro neurálxico, quérote amando os nosos libros e quero que me queiras. Que nos queiras como sempre quixeches a aquelas persoas que te rodearon nun abrazo tolo e desenfreado.

E logo deste ataque de paixón, ademais da proposta das paredes ilustres, aproveito esta fortuna de ser pregoeira para facer unha reflexión. En Vigo non falta materia prima. Ademais da capital editorial galega, este é un lugar onde se fraguan historias que son lidas en toda Galicia e fóra dela. Desde aquí exportamos literatura (desgraciadamente, de momento, á marxe da Administración, todo hai que dicilo, pero talvez isto sirva para prender unha luz nalgún lugar). E saben por que a exportamos? Pola calidade das nosas letras (ás veces semella que non se decatan dos nosos logros, sorpréndeme que haxa novas que nin sequera saian nos xornais), pero tamén pola xenerosidade a nivel particular daqueles editores que cren en nós e que moitas veces fan labores que exceden do que lles correspondería. Velaí unha vez máis, o termo filantropía, que non deixa de asomar a cabeza.

Este é un lugar onde nacen a cada pouco proxectos que buscan a renovación cultural. Chámennos. Chamen aos creadores. Falen con nós. Pídannos opinión, conversa, punto de vista, café (pagamos nós), discútanos cousas. Discutir pode ser enriquecedor. Non permanezan alleos a todo o que se move no mundo cultural vigués. Non permanezan alleos á vida do libro galego. Incorpórennos a cidade, non nos exclúan dela. Porque nós sen ela estamos coxos, pero ela, sen nós, estará perdida.

Para rematar, quero agradecer a iniciativa de mudar de sitio a Feira e buscarlle unha ubicación máis próxima á cidadanía. O que se ve, existe. Mais seguro que hai outras moitas cousas que se poden mellorar. Tender redes, conectarnos, establecer sinerxias, é vital. E crean na filantropía, señoras e señores. A día de hoxe, como ven, non custa cartos. É só cuestión de ter vontade. Mágoa que non estea aquí Ramón Nieto para darnos unha lección arredor disto.

Leticia Costas